



## SERVIZO OBXECTO DA CONTRATACIÓN:

### **“EQUIPAMENTO TECNOLÓXICO E DE VIXILANCIA PARA APARCADOIRO DA PRAZA DO MAR”**

**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ A SÚA CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE, TRAMITACIÓN ORDINARIA.**

**1.- OBXECTO DO CONTRATO DE SUBMINISTRO:** A contratación do subministro de **“EQUIPAMENTO TECNOLÓXICO E DE VIXILANCIA PARA APARCADOIRO DA PRAZA DO MAR”** conforme a este prego de cláusulas administrativas particulares, ao de prescricións técnicas e a oferta que presente o contratista. A súa codificación, correspondente ao número de referencia do Vocabulario Común de Contratos Públicos (CPV), é **71241000-9** e **71242000-6**.

**2.- PRESUPOSTO MÁXIMO DA LICITACIÓN E VALOR ESTIMADO DO CONTRATO:** Sinálase como presuposto máximo de licitación **39.725,18€**, sen incluír o Imposto sobre o Valor Engadido (en diante IVE) o IVE ascende a **8.342,29 €** e o orzamento máximo de licitación por ano, co IVE, é de **48.067,47 €**.

As ofertas dos licitadores referenciaranse, á baixa, ao importe do presuposto máximo de licitación, co IVE, que figura nesta cláusula (**48.067,47 €**).

No caso de que o licitador non o puntualizase, entenderase que todas as cantidades citadas na súa oferta inclúen o IVE.

**3.-FINANCIACIÓN:** Para atender as obrigas económicas que se deriven para a mercantil “Nauta de Sanxenxo SL” (en diante Nauta) do cumprimento deste contrato, as asumirá con cargo á súa conta de perdas e ganancias, ou resultado de explotación. A adxudicación quedará sometida a condición suspensiva de existencia de crédito suficiente para garantir o cumprimento das obrigas derivadas do contrato no exercicio correspondente.

**4.-RISCO E VENTURA E REVISIÓN DE PREZOS:** O contrato executarase a risco e ventura do contratista e non procederá a revisión de prezos polo seu reducido prazo de execución.

**5.-CAPACIDADE PARA CONTRATAR:** Poderán concorrer, por se ou por



medio de representantes, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que, tendo plena capacidade para obrar, non estean incursas nalguna das prohibicións para contratar que enumera o art. 60 do Real Decreto Lexislativo 3/11, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en diante TRLCSP).

**6.-PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E ÓRGANO DE CONTRATACIÓN:** O contrato adxudicarase mediante procedemento negociado sen publicidade, ao que pode acudirse aplicando o artigo 170 apartado D do TRLCSP Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, que di que "cando, por razóns técnicas ou artísticas ou por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva só se poda encomendar a un empresario determinado" este poderá adxudicarse por procedemento negociado, **non obstante publicarase a licitación no perfil do contratante do órgano de contratación (NAUTA) que figura na páxina web do Concello, [www.sanxenxo.es](http://www.sanxenxo.es).** A tramitación é ordinaria. Este prego de condicións basease tamén no informe técnico de viabilidade visado polo Colexio de Enxeñeiros que conclúe que a nova zona de aparcamento se trata dunha ampliación a nivel de videovixilancia e control de accesos; que dita ampliación é viable técnica e economicamente e que tamén o é a súa implantación e mantemento de dita ampliación pola empresa provedora actual.

O órgano de contratación é o Consello de Administración de Nauta, que poderá delegar tal competencia na súa Presidencia, como se prevé no artigo 22 dos Estatutos da citada Sociedade.

**7.-SOLICITUDE DE PROPOSICIÓN/ÓNS, PRAZO PARA PRESENTAR PROPOSICIÓN/ÓNS E LUGAR ONDE PRESENTALAS:** De conformidade co disposto no art. 170 apartado D do TRLCSP, o órgano de contratación solicitará a formulación de proposicións para a execución do contrato a unha empresa xa que se considera que é a única capaz de prestar este servizo nas condicións plantexadas segundo informes técnicos que obran no expediente. Todo o cal deberá quedar acreditado no expediente. A petición realizarase por Nauta por escrito, sempre deixando constancia no expediente, da recepción das referidas peticións, admitíndose, a estes efectos, a utilización do Fax ou e-mail.

A/As proposición/óns presentaranse no Rexistro de documentos de Nauta, das **9 ás 14 horas**, agás o sábado que será das **9 ás 13 horas**, en sobres pechados que poderán ser lacrados e precintados, firmados polo licitador ou persoa que o represente e coa documentación e requisitos esixidos na cláusula seguinte, dentro do prazo de **CINCO (5) DÍAS NATURAIS**, a contar dende o día seguinte ao da recepción da solicitude da formulación da proposición ou, no



caso de non ser invitado a licitación, dende o día seguinte ao da publicación do anuncio da licitación no perfil do contratante. Faise constar que, se o prazo rematase en festivo ou sábado, ampliarase ao día seguinte hábil que non fose sábado.

Poderanse presentar, dentro do prazo de citado no parágrafo anterior, as propostas por correo, tendo o interesado que acreditar, no resgardo correspondente, a data de imposición do envío na OFICINA DE CORREOS, anunciando o mesmo día do envío e no horario citado ao comezo desta cláusula, ao órgano de contratación, por FAX, ao número **986720578**, a remisión da proposición.

Sen o cumprimento destes requisitos non será admitida a proposición no caso de que fose recibida fóra do prazo previsto no anuncio de licitación. Non obstante, transcorridos **DEZ (10) DÍAS NATURAIS**, contados a partir do seguinte ao do remate do prazo de presentación, non será admitida ningunha proposición remitida por correo.

**8.-DOCUMENTACIÓN DAS PROPOSICIÓN/ÓNS:** A presentación da proposición presupón a aceptación incondicional pola parte do licitador das cláusulas deste prego e a declaración responsable de que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa empresa contratante.

As propostas constarán de **DOUS (2)** sobres pechados e asinados polo licitador ou persoa que o represente, facendo constar en cada un deles o seu correspondente contido, o nome do licitador e a súa dirección, así como o número de teléfono e, no seu caso, a dirección de correo electrónico para a súa localización inmediata.

Cada licitador non poderá presentar máis que unha soa proposta, individual ou mediante a fórmula de unión temporal. Tampouco poderá figurar en mais dunha unión temporal. O incumprimento desta cláusula dará lugar a desestimación de todas as proposicións presentadas polo mesmo licitador.

No **SOBRE "A"** e baixo a denominación de **"DECLARACIÓN RESPONSABLE"**, incluírase unha declaración responsable do licitador, conforme ao modelo que figura no anexo I deste prego, indicando que cumpre as condicións para facer este contrato con Nauta e que, se recae ao seu favor á proposta de adxudicación, se compromete a presentar ante o órgano de contratación a documentación que se cita na cláusula 11ª deste prego, no prazo que nesa cláusula se sinala. En todo caso o órgano de contratación, a efectos de garantir o bo fin do procedemento, poderá recabar, en calquera

momento anterior a proposta de adxudicación, que os licitadores aporten documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adxudicatarios do contrato.

Faise constar que a data para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade esixidos para contratar coa Administración, será o da finalización do prazo de presentación das proposicións e do cumprimento nesa data dos requisitos, deberán responder os documentos e certificacións que se presenten.

**No SOBRE "B"** e baixo a denominación "**OFERTA**" realizarase a proposta, de acordo co modelo que se achega no **anexo II** deste prego, debendo os licitadores axustar a súa proposta aos aspectos sobre os que se desenvolverá a negociación que figuran na cláusula seguinte deste prego, acompañada da documentación que se describe na citada cláusula.

#### **9.- ASPECTOS SOBRE OS QUE SE DESENVOLVERÁ A NEGOCIACIÓN:**

Serán os seguintes que se valorarán e ponderarán como a continuación se sinala, xunto coa documentación a presentar para que poidan puntuarse:

**-Memoria de prestación do servizo:** Ata un máximo de **DEZ (10) PUNTOS**. A estes efectos o licitador deberá presentar unha memoria descritiva da prestación do servizo ofertado, referenciando os medios persoais e materiais, así como os aspectos, coa valoración correspondente, ofertados e que incrementen a calidade do obxecto do contrato sen que se poidan contemplar aspectos a aplicar noutras accións diferentes as da radicación do obxecto do contrato nin o aumento deste. A non presentación da memoria conforme ao disposto nesta cláusula determinará que a puntuación por este criterio sexa de **CERO (0) PUNTOS**.

**-Prezo:** Expresarase nunha cantidade que non poderá superar o orzamento máximo de licitación, co IVE, que figura na **cláusula 2ª** deste prego. Valorarase ata un máximo de **NOVENTA (90) PUNTOS**. Para a determinación da puntuación que, no seu caso, corresponda a cada oferta calcularase, no primeiro lugar, a porcentaxe de baixa a que correspondería a calificación de temeraria por aplicación dos criterios do art. 85.1 ao 4 do R.D. 1098/2001, polo que aprobose o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (en diante RXC). As ofertas que igualasen ou superasen a porcentaxe de baixa correspondente a calificación de temeraria terán a puntuación máxima por este criterio, o resto obterán a puntuación proporcional que corresponda entre a súa porcentaxe de baixa e a porcentaxe de baixa a que corresponda a calificación de temeraria por aplicación dos criterios do art. 85.1 ao 4 do RXC.

## **10.-APERTURA DOS SOBRES, FASE DE NEGOCIACIÓN E CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS UNHA VEZ REMATADA A FASE DE NEGOCIACIÓN:**

a) A apertura e cualificación da documentación incluída no **SOBRE "A"** as realizará o órgano de contratación. Se o órgano de contratación observase defectos ou omisións subsanables na documentación presentada no **SOBRE "A"** comunicarao verbalmente ao interesado, ao número de teléfono que apareza na portada da plica, concedendo un prazo de **DOUS (2) DÍAS NATURAIS**, contado a partir da práctica da comunicación, para que os licitadores corrixan ou emenden os defectos ou omisións. Faise constar que, se o prazo rematase en festivo ou sábado, se ampliará ao día seguinte hábil que non fose sábado. Do actuado deixarase constancia na acta que necesariamente deberá estenderse.

b) O procedemento de adxudicación continuará coa apertura polo órgano de contratación do **SOBRE "B"** dos licitadores que presentaron a documentación esixida no **SOBRE "A"**, levantándose pola secretaria acta a tal efecto na que se deixará constancia das características das ofertas dos licitadores, xa sexa mediante a súa descrición escrita ou mediante copia compulsada das ofertas abertas.

c) A continuación o órgano de contratación solicitará a emisión de informe/s técnico/s, en razón da materia obxecto da contratación, realizado/s por persoal ao servizo do Concello que teña cualificación profesional adecuada, previa solicitude destes informes ao alcalde do Concello, dado que a empresa contratante, Nauta, non dispón de persoal técnico capacitado nestas tarefas. No informe figurará unha proposta de atribución de puntuación conforme aos aspectos sobre os que versará a negociación, e as súas normas de valoración que figuran neste prego, sendo o límite máximo de puntuación o que está descrito na cláusula 9ª deste prego e o límite mínimo **CERO (0)** puntos e a determinación de se na oferta do contratista figuran aspectos susceptibles de non ser puntuados conforme ao descrito na cláusula 9ª deste prego.

d) Unha vez realizada a valoración das ofertas presentadas, abrirase a fase de negociación coas diferentes persoas físicas ou xurídicas, que presentaron as ofertas sobre a base das mesmas. A estes efectos se trasladará a cada un dos licitadores o resultado da valoración técnica de todas as plicas presentadas, comunicándolles a apertura da fase de negociación, que se celebrará nas dependencias da sede de Nauta, ante o responsable deste contrato, que será asistido por persoal aos servizo do Concello, previa solicitude

ao alcalde, dado que o órgano contratante non dispón de persoal técnico cualificado para tal fin. Na citada reunión se procederá a negociar á vista das ofertas presentadas, e sobre os aspectos sobre os que se pode desenvolver a negociación que figuran na cláusula 9ª deste Prego. Do resultado da negociación realizada na reunión citada anteriormente se levantará Acta na que constará a oferta final de cada unha das empresas, facendo constar que no caso de que algunha das empresas convocadas á reunión de negociación non se presentase, entenderase que mantén a súa oferta inicial.

e) Unha vez realizada a fase de negociación o órgano de contratación solicitará emisión de informe técnico realizado polo persoal ao servizo do Concello, que teña cualificación profesional adecuada, en razón da materia obxecto do contrato, previa solicitude ao alcalde, dado que o órgano contratante non dispón de persoal técnico cualificado para tal fin, para que faga unha proposta de atribución de puntuación sobre as ofertas resultantes da fase de negociación conforme aos criterios e as súas normas de valoración que figuran neste prego, sendo o límite máximo de puntuación o que está descrito na cláusula 9ª deste prego e o límite mínimo **CERO (0)** puntos e a determinación de se na oferta do contratista figuran aspectos susceptibles de non ser puntuados conforme ao descrito na cláusula 9ª deste prego. A mesa de negociación será convocada pola Presidencia de Nauta Sanxenxo.

f) Finalmente o órgano de contratación clasificará, pola orde de maior a menor puntuación as ofertas presentadas conforme aos criterios e as súas normas de valoración que figuran neste prego e procederá a apreciar se, no seu caso, existen valores desproporcionadas ou anormais nas ofertas, utilizando, para o prezo, os criterios establecidos no art. 85.1 ao 4 do RXC. Se o órgano de contratación entende que a proposición máis valorada podería ser cualificada como anormal ou desproporcionada, tramitará o procedemento previsto no art. 152.3 do TRLCSP. De constar só unha oferta dentro do procedemento, levarase a cabo con ela os termos do contrato.

**11.-REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN:** O órgano de contratación requirirá, para que presente no prazo de **DEZ (10) DIAS HÁBILES** a contar dende o seguinte a aquel no que se reciba o requirimento, a documentación que se cita nos seguintes parágrafos, ao licitador que teña a proposta máis valorada, sempre que a súa oferta non fose declarada desproporcionada ou anormal, suposto que, de darse, provocará que o órgano de contratación a exclúa e faga o requirimento a favor da seguinte proposición coa puntuación máis elevada, sempre que poida cumprirse a satisfacción de Nauta e que non sexa considerada anormal ou desproporcionada.

A data para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade esixidos para contratar con Nauta (documentación correspondente a todos os puntos agás o 7º, en canto a formalización en escritura pública das Unións Temporais de Empresas e a presentación do CIF da Unión Temporal), será o da finalización do prazo de presentación das proposicións e do cumprimento nesa data dos requisitos, deberán responder os documentos e certificacións que se presenten.

Os documentos a presentar, deberán ser orixinais, admitíndose fotocopias compulsadas cos seus orixinais, por persoal capacitado en calquera dos rexistros de entrada de documentos habilitados para recoller as proposicións.

A documentación é a seguinte:

1.-Acreditación da personalidade xurídica do licitador:

a) No caso de persoas xurídicas: Escritura de constitución ou modificación inscrita, se é o caso, no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o é, escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso, no correspondente rexistro oficial.

b) No caso de persoas físicas: Número do Documento Nacional de Identidade (en diante DNI), Número de Identificación Fiscal ou pasaporte.

2.-Acreditación da representación de quen actúa en nome do licitador (aplicable a todos os casos, agás aquel no que o licitador sexa unha persoa física e actúe por se mesma).

3.-Declaración responsable do licitador, conforme ao modelo que figura no **anexo III** deste prego, de non atoparse incurso nas prohibicións para contratar establecidas no art. 60 do TRLCSP: En caso de que o licitador fose persoa xurídica, a declaración deberá referirse a mesma persoa xurídica e aos seus administradores.

4.- Rexistro de licitadores: A inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia eximirá aos licitadores de presentar a documentación esixida neste sobre correspondente aos puntos 1, 2 e 3. Deberá acreditarse mediante unha certificación expedida polo Rexistro de que se trate acompañada dunha declaración responsable, conforme ao modelo que figura no **anexo IV** deste prego,

do licitador na que se manifeste que as circunstancias reflectidas no certificado non experimentaron variación.

5.-Xustificación acreditativa de encontrarse ao corrente das obrigas tributarias (Imposto sobre Actividades Económicas –en diante IAE-, Estado, e Nauta) e coa Seguridade Social. No que respecta ao IAE presentátese a alta, referida ao exercicio corrente ou o último recibo, completado cunha declaración responsable de non se ter dado de baixa na matrícula do imposto. Non obstante, cando a empresa non estea obrigada ao pagamento do IAE, abondará declaración responsable asinada polo licitador ao respecto. En todos os demais supostos presentaranse certificacións positivas dos organismos administrativos competentes.

6.-Garantía definitiva do 5% do importe da adxudicación, excluído o IVE.

7.-Unións temporais de empresarios: Dous ou máis empresarios poderán presentar propostas conxuntas de licitación constituíndo unha unión temporal de conformidade co establecido no art. 59 do TRLCSP, debendo acreditar cada un a súa personalidade, capacidade e solvencia nos termos do presente prego, acumulándose, para os efectos da determinación da solvencia da unión temporal, as características acreditadas para cada un dos seus integrantes, cos nomes e circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada un deles, o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal no caso de ser adxudicatarios do contrato e designar a persoa que será o seu representante ante o ente contratante. No suposto de resultar adxudicataria deberán acreditar a constitución da unión temporal en escritura pública e presentar o Código de Identificación Fiscal da unión temporal e a súa duración coincidirá coa do contrato e ata a súa extinción. Os empresarios que concorran agrupados en unións temporais quedarán obrigados solidariamente diante do ente contratante.

8.-Empresas non españolas:

a) Acreditación da capacidade:

a-1) Empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea ou de Estados signatarios do Acordo sobre Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega): Acreditarase mediante declaración xurada de estar habilitadas para realizar a prestación de que se trate de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidas. Cando dita lexislación esixa unha autorización especial ou a pertenza a unha

determinada organización para poder prestar nel o servizo de que se trate deberán acreditar o cumprimento deste requisito.

a-2) Empresas non españolas non incluídas no apartado anterior: Acreditarase mediante a seguinte documentación:

Informe da respectiva Misión Diplomática Permanente española na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite a súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración e cos entes, organismos ou entidades do sector público asimilables aos enumerados no art. 3 do TRLCSP, en forma substancialmente análoga.

b) Declaración de someterse á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois: Comprenderá os xulgados e tribunais de calquera orde, para tódalas incidencias que, de modo directo ou indirecto, puideran xurdir do contrato, coa renuncia do foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador.

**12.-ADJUDICACIÓN DO CONTRATO:** O órgano de contratación, dentro do prazo dos **CINCO (5) DÍAS HÁBILES** seguintes á recepción da documentación requirida na cláusula anterior, adxudicará motivadamente o contrato. Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta que sexa admisible de acordo cos criterios que figuran neste Prego.

O acordo de adxudicación notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante. Tanto na notificación como na publicación no perfil do contratante se indicará o prazo no que debe procederse a formalización do contrato. Faise constar que o prazo para considerar rexeitada a notificación, cos efectos previstos no art. 59.4, da Lei 30/1992, do 26 de novembro é de **CINCO (5) DÍAS**.

**13.-FORMALIZACIÓN DO CONTRATO:** A sociedade contratante e o contratista deberán formalizar o contrato que se axuste, con exactitude, ás condicións da licitación, dentro dos **QUINCE (15) DÍAS HÁBILES** seguintes ao da notificación da adxudicación, constituíndo título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o anterior dito, o contrato poderá elevarse a escritura pública a petición do contratista e a súa costa.

**14.-DEBER DE CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL:** O contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso coa ocasión da execución do contrato. A



sociedade contratante non poderá divulgar a información facilitada por os licitadores que estes designen como confidencial. A estes efectos, os licitadores deberán incorporar en cada un dos sobres unha relación coa documentación á que dean ese carácter.

A empresa adxudicataria e o seu persoal están obrigados a gardar secreto profesional respecto dos datos de carácter persoal dos que poidan ter coñecemento por razón da prestación do contrato, obriga que subsistirá aínda logo da finalización do mesmo, de conformidade co art. 10 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal (en diante LOPD). O adxudicatario deberá formar e informar ao seu persoal das obrigas que en materia de protección de datos estean obrigados a cumprir no desenvolvemento das súas tarefas para a prestación do contrato, en especial as derivadas do deber de segredo, respondendo a empresa adxudicataria persoalmente das infraccións legais en que por incumprimento dos seus empregados puidese incurrir. O adxudicatario e o seu persoal durante a realización dos servizos que se presten como consecuencia do cumprimento do contrato, estarán suxeitos ao estrito cumprimento dos documentos de seguridade das dependencias municipais nas que se desenvolva o seu traballo.

Se o contrato adxudicado implica o tratamento de datos de carácter persoal deberase respectar, na súa integridade, a LOPD e a súa normativa de desenvolvemento, de conformidade co establecido na Disposición Adicional Vixésimo Sexta do TRLCSP.

**15.-DURACIÓN DO CONTRATO E MODIFICACIÓNS DO MESMO:** O prazo de prestación do subministro de equipamento tecnolóxico e vixilancia é de **QUINCE DÍAS (15 DÍAS)** dende a súa firma.

Non se prevén modificacións do contrato neste prego, motivo polo que tan só se poderán efectuar cando concorran algunhas das circunstancias enumeradas no art.107 do TRLCSP, que terán que xustificarse axeitadamente polo órgano de contratación e seguindo o procedemento do art. 108 do TRLCSP en relación co art. 211 do mesmo texto legal. Ademais, se experimenta variación o prezo do contrato, deberá reaxustarse a garantía para que garde a debida proporción co novo prezo modificado no prazo de **QUINCE DÍAS (15) NATURAIS** contado dende a data na que se notifique ao empresario o acordo de modificación. De conformidade cos arts. 156 e 219.2 do TRLCSP, as modificacións deberán formalizarse documentalmente.

**16.-RESPONSABILIDADE NA EXECUCIÓN DO CONTRATO:** O contratista obrígase a cumprir as normas vixentes en materia fiscal, laboral, de seguridade



social, de seguridade e hixiene na execución do contrato e calquera outra de obrigado cumprimento. Asemade o contratista asumirá a responsabilidade civil, administrativa ou penal que lle puidese corresponder como consecuencia da execución do contrato.

**17.-PENALIDADES:** Imporanse penalidades ao contratista cando incorra en algunha das causas previstas a continuación:

a) **Por cumprimento defectuoso e demora:** Imporanse penalidades por cumprimento defectuoso nos seguintes termos:

- Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incorrese en demora respecto do prazo total ou dos prazos parciais de cumprimento do contrato.
- Como regra xeral a súa contía será un 1% do orzamento do contrato, agás que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, caso no cal poderán acadar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.
- En todo caso a imposición das penalidades non eximirá ao contratista da obriga que legalmente lle incumbe en canto á reparación dos defectos.

b) **Por incumprir o ofertado respecto dos** aspectos sobre os que se desenvolveu a negociación. Imporanse ao contratista penalidades nos seguintes termos:

- Se durante a execución do contrato se apréciase que, por causas imputables ao contratista, incumpriuse algún/s dos compromisos asumidos na súa oferta.
- Para considerar que o incumprimento afecta a un aspecto sobre o que se desenvolveu a negociación será preciso que ao descontarse un 25% da puntuación obtida polo contratista no aspecto incumplido, resultará que a súa oferta non houbera sido a mellor valorada.
- Como regra xeral a súa contía será un 1% do orzamento do contrato, agás que, motivadamente, o órgano de contratación



estime que o incumprimento é grave ou moi grave, caso no cal poderán acadar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

**18.-ABOAMENTO DO PREZO:** O contratista terá dereito ao abono do servizo prestado a mes vencido mediante a presentación da factura correspondente, co IVE incluído, coa conformidade á mesma do responsable do contrato.

A contía de cada factura ascenderá ao importe que figure na oferta do contratista ou ao rateo que corresponda.

**A factura deberá reunir os requisitos da factura electrónica, de acordo co disposto na Lei 25/2013 e deberá estar rexistrada correctamente no portal de entrada do Estado (FACE). De non ser así as facturas presentadas serán devoltas.**

**19.-CESIÓN DE CONTRATO E SUBCONTRATACIÓN:** Estarase ao disposto nos arts. 226, 227 e 228 do TRLCSP.

**20.-EXTINCIÓN E RESOLUCIÓN DO CONTRATO:** Ademais do suposto do cumprimento do contrato, este extinguirase pola súa resolución, sendo as causas as previstas nos arts. 223 e 308 do TRLCSP, que acordarase na forma prevista no art. 224 do TRLCSP e cos efectos citados nos arts. 225 e 309 do TRLCSP. Será causa específica de resolución do contrato o incumprimento por parte do contratista das obrigas asumidas na oferta.

**21.-PRAZO, DEVOLUCIÓN E CANCELACIÓN DA GARANTÍA:** O prazo será de **UN (1) ANO** contado dende a data de finalización do contrato. Transcorrido o prazo de garantía sen que se formulasen reparos ao servizo prestado quedará extinguida a responsabilidade do contratista. Durante o período de garantía o contratista queda obrigado a emendar, a súa costa, tódalas deficiencias que poidanse observar no executado, con independencia das consecuencias que se puidesen derivar das responsabilidades en que puidese incurrir, dacordo co establecido no presente prego e no art. 305 do TRLCSP.

Cumpridas polo contratista as obrigas derivadas do contrato, se non resultaran responsabilidades a exercer sobre a garantía e transcorrido o prazo desta, ditarase acordo de devolución ou cancelación daquela. Unha vez finalizado o prazo de garantía sen que a liquidación do contrato se realizase por causas non imputables ao contratista, procederase, sen máis demora, a devolución ou



cancelación da garantía unha vez depuradas as responsabilidades as que refírese o art. 100 do TRLCSP.

**22.-GASTOS A CARGO DO CONTRATISTA:** Serán da súa conta os seguintes gastos:

- a) Os tributos de calquera Administración que pesen sobre o contrato ou sobre o seu obxecto, así como a obter as licencias e autorizacións necesarias para a execución do contrato e o aboamento do tributo correspondente.
- b) No seu caso, os da formalización pública do contrato de adxudicación.

**23.-RESPONSABLE DO CONTRATO:** A efectos do disposto no art. 52 do TRLCSP, será o Presidente do Consello de Administración de Nauta o responsable do contrato.

Sanxenxo, 04 de xullo de 2.016.

O presidente

Gonzalo Gonzalo Pita

## ANEXO I

### **MODELO DE DECLARACIÓN DO LICITADOR INDICANDO QUE CUMPRE AS CONDICIÓNS ESTABLECIDAS LEGALMENTE PARA CONTRATAR CON NAUTA DE SANXENXO SL. (incluír no SOBRE "A")**

D -----, DNI nº ----- e domicilio en -----  
-----, en nome propio ou en representación da persoa xurídica ---  
-----, CIF nº-----, a efectos de incorporar á súa  
proposta para participar no procedemento da contratación da **"REDACCIÓN  
DOS PROXECTOS PARA BANDEIRAS AZUIS DE SANXENXO E  
SEGUIMIENTO DURANTE A TEMPADA DE VERÁN – CAMPAÑA 2016"**,  
**DECLARO** o seguinte:

-Que o licitador cumpre coas condicións establecidas legalmente para ser adxudicatario deste contrato con Nauta de Sanxenxo SL e comprométese, no suposto de ser o licitador proposto para a adxudicación, a entregar a documentación acreditativa do cumprimento que figura detallada na cláusula 11ª do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, no prazo que nesa mesma cláusula se establece. Así mesmo o licitador comprométese a entregar a documentación citada na cláusula 11ª do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, en caso de ser requirido para iso polo órgano de contratación.

(Lugar, data e sinatura do proponente)

## ANEXO II

### MODELO DE OFERTA A INCLUIR NO SOBRE "B"

D \_\_\_\_\_, DNI nº \_\_\_\_\_ e domicilio en \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_, en nome propio ou en representación da persoa xurídica ---  
\_\_\_\_\_, CIF nº \_\_\_\_\_, a efectos de incorporar á súa  
proposta para participar no procedemento de contratación da "**REDACCIÓN  
DOS PROXECTOS PARA BANDEIRAS AZUIS DE SANXENXO E  
SEGUIMIENTO DURANTE A TEMPADA DE VERÁN – CAMPAÑA 2016**",  
comprométese a executala con suxeición ao prego de cláusulas administrativas  
particulares, ao de prescricións técnicas e a presente oferta que axústase aos  
aspectos sobre os que se desenvolverá a negociación fixados na cláusula 9ª do  
prego de cláusulas administrativas particulares, acompañando a documentación  
que nesa cláusula se esixe:

- **Memoria de prestación do servizo:** Acompaño a este escrito **unha memoria descritiva da prestación do servizo** ofertado, referenciando os medios persoais e materiais, así como os aspectos, coa valoración correspondente, que se ofertan e que incrementan a calidade da prestación do servizo, non contemplando aspectos a aplicar noutras accións diferentes as da radicación do obxecto do contrato nin o aumento deste.

- **Prezo:** Ofrezo a "**REDACCIÓN DOS PROXECTOS PARA BANDEIRAS AZUIS DE SANXENXO E SEGUIMIENTO DURANTE A TEMPADA DE VERÁN – CAMPAÑA 2016**" polo seguinte prezo, que expresa o presuposto máximo de licitación por ano, co Imposto sobre o Valor Engadido (en diante IVE), que non supera o sinalado na cláusula 2ª deste prego (**30.250,00 €**):

Sen IVE \_\_\_\_\_ (en número e letra) €

IVE \_\_\_\_\_ (en número e letra) €

Total co IVE \_\_\_\_\_ (en número e letra) €

O que supón a seguinte baixa total respecto do presuposto máximo de licitación, incluído o IVE de \_\_\_\_\_ (en número e letra) €.

(Lugar, data e sinatura do propoñente)



### ANEXO III

**MODELO DE DECLARACIÓN DO LICITADOR PROPOSTO PARA A ADXUDICACIÓN DE NON ATOPARSE INCURSO EN PROHIBICIÓN DE CONTRATAR. (A presentar só polo licitador a quen se lle requira documentación por ser o proposto para a adxudicación do contrato)**

D -----, DNI nº ----- e domicilio en -----, en nome propio ou en representación da persoa xurídica -----, CIF nº-----, como licitador proposto para a adxudicación da contratación da **"REDACCIÓN DOS PROXECTOS PARA BANDEIRAS AZUIS DE SANXENXO E SEGUIMENTO DURANTE A TEMPADA DE VERÁN – CAMPAÑA 2016"**, DECLARO o seguinte:

-Que nin o licitador nin, no seu caso, os seus administradores ou órganos de dirección están incursos nas prohibicións de contratar establecidas no artigo 60 do Real Decreto Legislativo 3/11, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público Lei 30/07.

-Que o licitador está ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias no senso establecido no artigo 13.1 do Real Decreto 1098/01, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, incluído o non ter co Estado e con Nauta de Sanxenxo SL, débedas de natureza tributaria en período executivo ou, no caso de que non proceda a utilización da vía de apremio segundo o disposto no apartado d) da disposición citada neste parágrafo, non ter débedas non atendidas en período voluntario.

-Que o licitador está ao corrente do cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social no senso establecido no artigo 14 do Real Decreto 1098/01, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

(Lugar, data e sinatura do proponente)



#### ANEXO IV

**MODELO DE DECLARACIÓN DO LICITADOR DA NON VARIACIÓN DAS CIRCUNSTANCIAS INCLUÍDAS NA CERTIFICACIÓN DE INSCRICIÓN NO REXISTRO DE LICITADORES. A presentar só polo licitador a quen se lle requira documentación por ser o proposto para a adxudicación do contrato e tan só no suposto de que o licitador acredítase condicións de capacidade mediante a presentación dun certificado acreditativo de inscrición nun Rexistro Oficial de Licitadores**

D -----, DNI nº ----- e domicilio en -----, en nome propio ou en representación da persoa xurídica -----, CIF nº-----, como licitador proposto para a adxudicación da contratación da **"REDACCIÓN DOS PROXECTOS PARA BANDEIRAS AZUIS DE SANXENXO E SEGUIMENTO DURANTE A TEMPADA DE VERÁN – CAMPAÑA 2016"**, DECLARO o seguinte:

-Que as circunstancias reflectidas no certificado acreditativo de inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores (Estado/Comunidade Autónoma de Galicia) que se acompaña non experimentaron variación dende a data da súa expedición

(Lugar, data e sinatura do proponente)